

“O resultado das eleccións en EEUU déixame sen palabras”



Eugenia Vieito Blanco

TRAXECTORIA

- Nacín na Coruña. Son licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña e teño un mestrado oficial en Xestión de Políticas Públicas, pendente de tese fin de mestrado, na especialidade social, que abrangue materias sobre políticas públicas, e que me deu unha visión máis completa das políticas alternativas que se están a seguir noutros sistemas, así como temas de administración electrónica, dereito administrativo, contabilidade pública, facendas locais, mellora de calidade nas administracións, políticas de igualdade de xénero, e outras materias imprescindibles para a xestión pública.
- Actualmente iniciéi tamén un mestrado oficial en Dereito da Unión Europea, dereito que nos condiciona a case todos os niveis.
- Traballei como Persoal de Servizos Xerais nos Sergas e como Persoal de Administración e Servizos na Universidade da Coruña desde hai case 14 anos.
- Formei parte dun proxecto de candidatura alternativa formada por persoal da universidade, con representación na Xunta de Persoal, no Claustro e no Consello de Goberno da Universidade da Coruña.

Transcorrido máis dun ano desde que é vostede concelleira, que valoración pode facer do traballo desenvolvido ata a data?

Persoalmente, a valoración que fago desta primeira parte da lexislatura é razoablemente positiva. Creo que a nivel xeral, cumprimos cos obxectivos e coas prioridades que nos fixamos antes de chegar ao goberno. A loita contra as desigualdades, o pulo ás políticas sociais, o establecemento da Renda Social Municipal, o impulso da participación, a revitalización cultural, o cambio de formas, a transparencia, de modos e maneiras,... son elementos diferenciadores deste goberno, cos que me identifico plenamente.

Dentro da miña área de responsabilidade, coa complexidade que ten a xestión económica e de persoal dentro dun marco legal tan restrictivo, estou particularmente satisfeita da incorporación de cláusulas sociais nos contratos municipais, que garanten os dereitos dos traballadores e traballadoras que prestan servizos para o concello, entendendo que a Administración debe e pode crear tamén emprego de calidade, o que non resulta incompatible coa recuperación paulatina dos servizos públicos, que teñen como exemplo a remunicipalización das bibliotecas. Ó mesmo tempo, estamos dándolle un xiro pouco a pouco á xestión de persoal, introducindo métodos de valoración obxectiva nos procedementos e para poñer no primeiro plano os principios de igualdade, mérito e capacidade en detrimento de vellas prácticas clientelares.

O refinanciamento da débeda municipal, que abordamos xa a finais de 2015, constitúe tamén un avance importante e unha promesa cumprida, que permitiu reducir drasticamente as cantidades que o concello destinaba cada ano a pagar xuros bancarios, liberando máis de cinco millóns de € en intereses para financiar políticas sociais, e facendo que hoxe en día A Coruña sexa unha das Administracións coa débeda máis barata de todo o Estado.

Dicía o alcalde hai unhas semanas que desde que asumiu a alcaldía cambiara a súa visión da política, xa que descoñecía que fose tan sucia. Comparte esta visión?

Sen dúbida a política, como calquera outra actividade humana, ten episodios pouco edificantes, e tamén momentos de grandes tensións e de frus-

tración por non poder acadar os resultados desexados coa celeridade que a un lle gustaría, pero non creo que o Alcalde teña, en termos xerais, unha visión tan pexorativa da política. Eu son por natureza optimista, e aínda que me seguen a sorprender certas actitudes partidistas, creo na capacidade das persoas para organizarse para mellorar as súas condicións de vida. Se podo aportar o meu gran de area, por pequeno que sexa, doume por satisfeita.

Como se goberna un concello no cal a oposición (PP e PSOE) teñen maioría absoluta para impoñer a súa axenda política por encima da do Goberno local?

En primeiro lugar, non debemos esquecer ao BNG, que tamén forma parte da Corporación. Gobernar en minoría resulta, obviamente, máis difícil que facelo con maioría absoluta, pero, en certa maneira, poderíamos dicir que tamén ten máis mérito. Persoalmente, considero que o tempo das maiorías absolutas no Estado español xa rematou, e que todas as forzas políticas nos veremos obrigadas a dialogar máis e a chegar a acordos cos nosos adversarios políticos. Incluso o Partido Popular, que non sabe gobernar sen maioría absoluta, terá que acostumarse a dialogar e a procurar acordos coas demais forzas, se quere que o goberno do Estado sexa viable.

Con respecto á polémica do IBI, non é un contrasenso que tacitamente estean a asumir a proposta de Montoro ao evitar a súa rebaxa? Considera que o IBI é un imposto progresivo que grava a riqueza?

O IBI é un imposto directo, de natureza real, que grava o valor dos inmóbeis de xeito proporcional ao seu valor cata-

stral. As competencias dos Concellos limitáanse ao establecemento dos tipos de gravame, dentro duns límites prefijados polo Estado, e á aprobación de determinados beneficios fiscais, sempre dentro dos supostos previstos na lei. No Concello da Coruña, durante a pasada lexislatura, incrementouse o tipo xeral de gravame en dúas ocasións, no ano 2012, pasando do 0.541% ao 0.595%, e no ano 2013, pasando do 0.595% ao 0.6% actual.

“Non parece moi lóxico que partidos que no seu día subiron os tipos do IBI para cadrar as contas municipais, agora que non gobernan pretendan impoñer unha baixada lineal e xeneralizada”

Tamén na pasada lexislatura, se incrementou o tipo aplicable a determinados usos comerciais, ocio, hostalería, de almacén ou estacionamento (aplicable ao 10% dos inmobles de maior valor catastral), pasando do 0,541% ao 0,595% no ano 2012, ao 0,6% no ano 2013, e ao 0,8% no ano 2014; así como os tipos aplicables a determinados bens de características especiais, como instalacións de produción de enerxía eléctrica, gas, e refino de petróleo, ou estradas, autoestradas e túneles, pasando do 0,6% ao 1,3%.



En 2015, este goberno municipal, modificou o tipo de gravame aplicable ao porto, para igualalo ao resto dos bens de características especiais, introduciu bonificacións e beneficios fiscais ate os límites máximos permitidos pola lei, pero non alterou o tipo xeral do IBI, mantívoo no 0,6%. Para os inmobeis de uso residencial, a Lei de Facendas Locais non permite aplicar tipos impositivos diferenciados en función da renda, que é o que nos gustaría, o tipo ten que ser único, e polo tanto, o IBI grava o valor das vivendas de forma lineal, de tal xeito que calquera variación do tipo se reflexa na cota tributaria amplificada polo valor do inmovible.

O IBI é a principal fonte de ingresos do concello. Non parece moi lóxico que partidos que no seu día subiron os tipos para cadrar as contas municipais, agora que non gobernan pretendan impoñer unha baixada lineal e xeneralizada, sen ter en conta as consecuencias orzamentarias par o concello, nin os efectos sobre o reparto da carga tributaria. Mentres que para unha vivenda de tipo medio, a rebaixa proposta por PP e PSOE, suporía un aforro anual de 17,7 €, para a máis cara das vivendas do padrón do IBI da Coruña, o aforro sería de 924.8 €, multiplicando por máis de 52 veces o aforro experimentado polas vivendas de tipo medio.

As rebaixas xeneralizadas de impostos benefician máis aos que máis teñen, e o recorte dos ingresos vai en detrimento das posibilidades do Concello para desenvolver as políticas sociais e redistributivas, necesarias para paliar os efectos da crise nos colectivos máis necesitados. Non hai que esquecer, ademais, que este goberno puxo en marcha o Plan de Pago Personalizado, que permite fraccionar o recibo dos tributos municipais ate en 6 prazos, cun desconto asociado do 3% da cota tributaria.

Que novidades presentan as modificacións das Ordenanzas Fiscais previstas polo Concello presentadas hai escasas semanas?

O proxecto de modificación das ordenanzas fiscais para 2017 incluía medidas de impulso da actividade económica, como a redución das licenzas para os pequenos establecementos, en determinados supostos, e importantes melloras sociais, como a extensión dos beneficios fiscais, que xa se aplican na taxa da auga para persoas con ingresos reducidos, a outras ordenanzas como a reguladora da taxa do lixo, con cota cero para as persoas beneficiarias da RISGA ou prestacións equivalentes, e descontos de ate o 75% en función do nivel de renda. Desafortunadamente, a falla de consenso necesario, impediu que esas modificacións estean en vigor desde o vindeiro 1 de xaneiro,



pero estamos convencidos de que eses cambios son positivos para a cidadanía, e volveremos a intentalo noutra ocasión.

Como explica a medida de descapitalizar a renda social, coa retirada de 1,8 millóns, para saldar débedas da Empresa Municipal de Servizos e Actividades?

Os mesmos que, desde o primeiro momento, criticaron o establecemento dunha Renda Social Municipal no noso concello, son os que agora protestan por unha transferencia de crédito que se insire no procedemento normal de xestión orzamentaria. Non é certo que se estea a descapitalizar a Renda Social Municipal, porque o crédito que se conserva nesa aplicación é máis que suficiente para atender todas as solicitudes que se formularon neste exercicio, e para 2017 a RSM volve a dotarse con dous millóns de €. Mais alá deste regate político de curto alcance, o importante é que ningunha persoa que cumpra as condicións esixidas vai quedar sen RSM por insuficiencia de crédito, creo que non todas as Administracións poden dicir o mesmo.

“O goberno fará todo o que estea na súa man para que A Coruña dispoña de novos orzamentos a comezos de 2017”

A Coruña é a única cidade galega con máis parados que hai un ano: 19.900 persoas fronte ás 17.700 de outubro do 2015. Que tanto por cento de culpa nestes datos é achacable á xestión municipal?

Segundo os datos oficiais publicados polo Servizo Público de Emprego Estatal, o paro rexistrado no concello da Coruña en outubro de 2016 era de 18.476 persoas, 1.923 persoas paradas menos

que no mes de xuño de 2015, é dicir, a Coruña ten hoxe un 9,4% menos de paro que cando a Marea chegou ao goberno municipal. Estes datos son consistentes coa evolución da filiación á Seguridade Social na nosa cidade.

Como é ben sabido, nomeadamente entre o público especializado ao que está dirixido esta publicación, a EPA non está deseñada para producir datos a nivel municipal. Porqué non coñecemos o dato do paro EPA de Oleiros ou de Culleredo? Sinxelamente, porque non existen. No caso galego, o IGE fai un traballo moi valioso elaborando series de actividade, ocupación e paro para as sete grandes cidades de Galicia, a partir dos datos base da EPA, pero a mostra non está deseñada para obter datos municipais e, polo tanto, os resultados deben interpretarse na súa xusta medida. Como ben indica o IGE nas súas publicacións, “os resultados dos sete grandes concellos deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe”, sería bo que cando se empregan publicamente datos estatísticos para censurar a xestión dun goberno, se tivesen en conta tamén esas advertencias metodolóxicas.

Será necesaria finalmente unha moción de confianza para aprobar os orzamentos municipais de 2017?

Desde a semana pasada os grupos da oposición xa contan co anteproxecto de orzamentos para 2017, elaborado polo goberno municipal. Iniciamos un proceso de diálogo e negociación con todos os grupos, e estamos dispostos a estudar todas as propostas concretas que formulen, e a incorporar aquelas que sexan viables e compatibles coas liñas estratéxicas definidas polo goberno. Na situación actual, a aprobación dos orzamentos non é só responsabilidade do goberno municipal. Apelamos á responsabilidade da oposición, e confiamos en poder chegar a acordos cos demais grupos, pero se iso non fose posible, o goberno fará todo o que estea na súa man para que A Coruña dispoña de novos orzamentos a comezos de 2017.

Cre que o proxecto de constitución da área metropolitana da Coruña será unha realidade a medio prazo?

Estou absolutamente convencida, e tamén de que será moi positiva para a cidadanía da Coruña e de todos os concellos da nosa área. Na xestión municipal existen múltiples aspectos que superan os límites territoriais do concello e, que precisan ser abordados a escala supramunicipal. Cuestións medioambientais, como a eliminación de verteduras á Ría do Burgo, a calidade do aire e o seu control, ou os sistemas de tratamento de residuos ou de abastecemento de auga, así como aspectos vinculados coa mobilidade e o transporte público, e moitos outros servizos onde se poden conseguir importantes melloras e economías de escala que favorezan a toda a cidadanía.

Por último, e agradécendolle a súa amabilidade, pedímoslle un titular para valorar o resultado das eleccións galegas, das españolas (do desbloqueo da situación) e das de EEUU.

– O principio do cambio cara ó final do bipartidismo.

– En canto ás eleccións en EEUU, qué dome sen palabras...

PERSONAL E INTRANSFERIBLE

UN LIBRO

O lobo estepario, de Herman Hesse

UNHA PELÍCULA

Novecento, de Bertolucci

UNHA CANCIÓN

Life on Mars, de Bowie

UNHA COMIDA

Polo ó curry

UNHA CIDADE PARA VIVIR

Ámsterdam

UNHA CIDADE PARA VIAXAR

Roma

UNHA AFICIÓN

Teatro

UN TALENTO QUE LLE GOSTARÍA TER

Cantar ben

UN PERSONAXE HISTÓRICO

Salvador Allende

UN FEITO HISTÓRICO

A declaración da Comuna de París